

MARTY SUPREME

Joshua Safdie, 2025

1679

ESTREA EN NUMAX: 13.02.2026 | V.O.S.E. | +16 | 149 min

Biopic de Marty Reisman, un buscavidas convertido en campión de tenis de mesa, desde que comezou a xogar por apostas en Manhattan até gañar vinte e dous títulos importantes e chegar a ser o máis veterano en gañar unha competición nacional de deportes de raqueta, con 67 anos.

«Chalamet confirmase como o tipo máis veloz da clase nunha exhibición de cinema adrenalínico, furioso e feliz»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Joshua Safdie: «Desde o primeiro momento que coñecín a Chalamet notei que é un soñador»

Por Nando Salvà

Marty Supreme é moito máis épica e vibrante do que cabería esperar dunha película ambientada no mundo do ping-pong. De onde provén este interese? De neno adoitaba practicalo moito co meu pai e sobre todo co meu tío. En todo caso, *Marty Supreme* non fala exactamente de ping-pong. A película relata a odisea dun soñador, e o o tenis de mesa non é máis ca o vehículo de Marty para cumprir o seu soño de grandeza; se fose electricista en lugar de deportista, probablemente tamén se obsesionaría con converterse no mellor do mundo. O irónico é que lograr algo así non serve para nada máis que para facerte sentir especial. Supoño que esa é a razón de ser dos soños: pasas toda a túa vida sentindo que non vales nada, pero de súpeto descubres un propósito e decides rebelarte contra ese destino predeterminado.

Ata que punto se identifica vostede con esa actitude? Sei de primeira man o que significa perseguir un soño de forma implacable. Experimenteino de maneira moi intensa e case patolóxica mentres traballaba na miña película inmediatamente anterior, *Diamantes en bruto*, ao longo de 10 anos durante os que soportei que me rexeitasen unha e outra vez e que se mofasen do meu proxecto. E cando por fin conseguín facer realidade esa película, o que experimentei non foi alegría. Sentínme moi só, e cheguei a convencerme de que non quería seguir facendo cinema.

Cando comprendeu que Timothée Chalamet era o actor idóneo para darlle vida a Marty? Cando o coñecín nunha festa hai oito ou nove anos, el era só un rapaz e aínda non se dera a coñecer por *Call Me by Your Name*. Desde o primeiro momento notei que era un tipo que sentía que tiña algo que demostrar, e que posuía unha visión grandiosa de si mesmo. Noutras palabras, era un soñador. Estaba convencido de que ía ser un dos grandes e na súa cabeza non había espazo para contemplar a posibilidade de fracasar. E niso non cambiou en absoluto. Timothée ten unha ambición formidable, e vai a comer o mundo.

Marty Supreme está ambientada na década dos 50, pero a súa banda sonora está chea de cancións dos anos 80. Por que? Marty representa a confianza, a arrogancia e a ambición que Estados Unidos malgastaba nos anos 50. No meu país, a Segunda Guerra Mundial transformou a maneira que os individuos tiñan de pensar no soño americano; comprenderon que, nesa nova era do capitalismo, para cumprir o teu soño debías venderte ben a ti mesmo. Nos anos 80, Estados Unidos quería recuperar da derrota en Vietnam e da depresión cultural e económica, e Reagan converteu a América dos 50 nun referente. Por iso pareceume interesante conectar ambas décadas e proxectar a historia de Marty cara ao futuro.

É a primeira película que dirixiu en solitario en case dúas décadas. Sentiu que era o momento para separarse profesionalmente do seu irmán Ben? Non foi algo planeado. O que pasa é que *Marty Supreme* é un proxecto que empecei a desenvolver pola miña conta, e a finais de 2019 xa existía unha primeira versión do guión. Xusto por esas datas, Dwayne Johnson presentounos o seu proxecto *The Smashing Machine*. Ben sentiuse moi atraído por el e quixo facer esa película con Dwayne e eu centreime en facer esta. Ver a película do meu irmán permitíume velo expresarse nos seus propios termos, e coñecelo dunha forma nova.